

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN. (p. 1)	
1.1. O presente curso 2010-2011.....	(p. 3)
2. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	(p. 3)
2.1. Principios xerais.....	(p. 3)
2.2. Materiais curriculares. Libros de texto.....	(p. 4)
2.3. Os contidos gramaticais, léxicos, fonéticos, socioculturais..	(p. 5)
2.4. Actividades.....	(p. 6)
2.5. Procedementos e instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación.....	(p. 7)
2.6. Contribución da materia á consecución das competencias básicas (Decreto 133/2007 do 5 de xullo).....	(p. 8)
2.7. Fomento da lectura e aplicación das TIC.....	(p. 10)
a. Proxecto lector.	
b. Emprego das TIC.	
2.8. Actividades extraescolares e complementarias.....	(p. 12)
3. OBXECTIVOS DE ETAPA.....	(p. 12)
4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	(p. 13)
<b>5. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA POR NIVEIS (1º - 4º E.S.O.)</b> (Segundo o Decreto 133/2007 do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia).	
5.1. Temporalización .....	(p. 14)
5.2. Contidos por niveis e criterios de avaliación.....	(p. 15)
1º E.S.O. – p. 15.	
2º E.S.O. – p. 30.	
3º E.S.O. – p. 47.	
4º E.S.O. – p. 61.	
6. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.....	(p. 78)
7. PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.....	(p. 82)
7.1. Contidos esixibles.	

7.2. Actividades de Reforzo e Recuperación de Pendentes.

7.3. Actividades de avaliación.

7.4. Criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua.

8. PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS..... (p. 85)

9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN..... (p. 88)

10. BIBLIOGRAFÍA..... (p. 89)

## **1. INTRODUCCIÓN**

O Consello de Europa no seu documento Marco de Referencia Europeo das Linguas considera a aprendizaxe das linguas estranxeiras como unha prioridade para os cidadáns e cidadás de Europa xa que favorecerá a construción dunha Europa pluricultural e plurilingüe promovendo o coñecemento das distintas linguas e culturas e así aumentar o respecto por estas e a interacción entre a cidadanía europea. Neste mesmo documento especifícanse as distintas etapas de aprendizaxe dunha lingua para acadar a competencia lingüística necesaria para levar a cabo tarefas comunicativas en distintas situacións, tanto oralmente como na escrita así como a adquisición de distintas estratexias para que a comunicación teña efecto e para mellorar a propia aprendizaxe das linguas.

Mediante o estudo de linguas estranxeiras, o alumnado debe adquirir competencia comunicativa nesas linguas e desenvolver unha certa tolerancia e competencia sociocultural que lle permita actuar con propiedade nun contexto sociocultural propio da outra cultura. Todo isto ha facilitar a mobilidade plena das persoas e o intercambio democrático de ideas. Deste modo preténdese dar á aprendizaxe de linguas estranxeiras a súa dimensión de contribución á construción da identidade persoal libre e responsable do noso alumnado. Esta debe caracterizar, por outra parte, ao cidadán europeo, aberto a todas as linguas e culturas, aberto aos demais, e capaz de integrar as informacións que lle chegan a través da variedade de linguas e culturas coas que entra en contacto.

Ao iniciar esta etapa de educación secundaria obrigatoria, o alumnado entrará posiblemente en contacto por primeira vez cunha segunda lingua estranxeira. Trátase pois nos primeiros cursos de familiarizalo con ela para a súa utilización en

situacións de comunicación sinxelas e, progresivamente, lograr un dominio comunicativo suficiente para desenvolverse en situacións sinxelas e habituais da vida cotiá, e tamén noutras conectadas coas súas motivacións e intereses.

No I.E.S. Catabois a oferta educativa comprende a etapa da educación secundaria obrigatoria e, no presente curso, a lingua francesa impártese só como *Segunda Lingua Estranxeira*, materia á que esta programación se refire exclusivamente.

#### 1.1. O presente curso 2010-2011:

O departamento de francés está composto por un único membro Dña. Laura M. Fernández Sánchez que imparte a materia en todos os niveis e grupos. Os grupos que reciben docencia por parte deste departamento son os seguintes:

1º A: 8 alumnos.

1º B: 8 alumnos.

2º A: 14 alumnos.

2º B: 6 alumnos.

3º: 13 alumnos.

4º: 5 alumnos.

Cabe salientar que, durante este curso e ao igual que xa sucedeu o curso pasado, non existirá a sección bilingüe na que se impartía a asignatura de Educación Plástica e Visual en francés pola adscripción do profesor de dita asignatura a outro centro educativo.

## **2. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.**

### **2.1. Principios xerais.**

Partindo da crenza de que a aprendizaxe se constrúe pouco a pouco e con pasos moi graduados e «en boucle», é dicir, de maneira cíclica, enfócase a construción do coñecemento de maneira individual pero interactiva, suxerindo actividades moi variadas e de diferentes niveis que extraen o mellor de cada un dos alumnos para que reverta no grupo-clase.

En canto á aula a metodoloxía será de interacción con agrupamentos flexibles que contemplan e asuman a diversidade do grupo-clase (traballos colectivos, en grupo, en grupos reducidos, en parellas, co profesor...) e que demanden unha participación de todos dinámica e activa co desexo constante de progreso, nun

ambiente de aprendizaxe motivador, sen medo ao erro nin ao ridículo que favoreza a autoestima .

## **2.2. Libros de texto.**

Tal e como aparece recollido na memoria do curso 2009-2010 e na correspondente acta do departamento de francés, os libros de texto que utilizarán os alumnos no curso 2010-2011 son os que a continuación se relacionan. Ao igual que no pasado ano, non se utilizará o caderno de exercicios no segundo curso da E.S.O.

### **1º E.S.O. :**

- *COMÈTES 1. Livre de l'élève.* Ed. Pearson Longman. Édition révisée avec CD-Rom. ISBN: 9788420548111.
- *COMÈTES 1. Cahier d'activités.* Gracia Chumilla Carbajosa. Ed. Pearson Longman. ISBN: 9788420548128.

### **2º E.S.O. :**

- *COMÈTES 2. Livre de l'élève.* Ed. Pearson Longman. Édition révisée avec CD-Rom. ISBN: 9788420548159.

### **3º E.S.O. :**

- *COMÈTES 3. Livre de l'élève.* Gracia Chumilla Carbajosa. Ed. Pearson Longman. Édition révisée avec CD-Rom. ISBN: 9788420548197.
- *COMÈTES 3. Cahier d'activités.* Gracia Chumilla Carbajosa. Ed. Pearson Longman. ISBN: 9788420548203.

### **4º E.S.O. :**

- *COMÈTES 4. Livre de l'élève.* Gracia Chumilla Carbajosa. Ed. Pearson Longman. Édition révisée avec CD-Rom. ISBN: 9788420548234.
- *COMÈTES 4. Cahier d'activités.* Gracia Chumilla Carbajosa. Ed. Pearson Longman. ISBN: 9788420548241.

A posibilidade de incluír libros de lectura obrigatoria valorarase en función do desenvolvemento desta programación, do tempo dispoñible e do interese e motivación dos propios alumnos, así como dos exemplares de lecturas graduadas en francés de que os alumnos dispoñan na biblioteca do centro.

## **2.3. Os contidos.**

### 2.3.1. Gramaticais:

O procedemento adoptado é de tipo indutivo, partindo da observación sistemática por parte dos/as alumnos/as que, coa axuda da profesora reflexionan en común ata que chegan ao coñecemento e á formulación das regras gramaticais, aplicándoas a continuación e autocorrixíndose.

A profesora orienta e conduce os/as alumnos/as por medio da observación sistemática e de preguntas para que descubran e reflexionen en común sobre o funcionamento da lingua francesa. O papel da profesora non consiste en dar a solución ou enunciar a regra correspondente para que se aprende de memoria, senón en lles axudar aos/ás alumnos/as a que cheguen ás súas propias deducións sobre o funcionamento do sistema lingüístico do francés.

### 2.3.2. Léxicos:

Prestaráselle unha grande atención a un elemento imprescindible da comunicación: o léxico. O vocabulario está traballado a través do contexto de cada unha das unidades. Os temas tratados están moi próximos ao mundo dos/as adolescentes (saúdos, presentacións, materias, materiais escolares, gustos e afeccións, actividades cotiás, vacacións...).

Así pois, o vocabulario trabállase en actividades que presentan exemplos de uso das palabras novas que se adquiren en cada unidade, dándolle ao/á alumno/a a posibilidade de empregalas nun contexto lingüístico concreto. Igualmente, explótase o contexto por medio de indicios lingüísticos (*mots transparents* parecidos ou iguais en francés e en español) e extralingüísticos (xestos, sons, debuxos, etc.).

### 2.3.3. Fonéticos:

O obxectivo principal da metodoloxía empregada no ensino do francés é que o alumnado poida comunicarse nesa lingua; así pois, o traballo sistemático da pronunciación é unha necesidade, xa que o erro pode converterse nun impedimento para que a comunicación se poida levar a cabo. A corrección fonética, a relación entre son e grafía, a entoación e a prosodia traballaranse ao longo do curso escolar de forma sistemática e progresiva.

#### 2.3.4.Socioculturais:

Os contidos socioculturais son un dos piares sobre os que se fundamenta o proxecto didáctico, xa que en cada unha das unidades os/as alumnos/as aprenden de forma implícita a través dos actos de fala nas diferentes situacións de comunicación, non soamente determinadas funcións lingüísticas senón tamén a formulación de normas sociais, de certos costumes propios da cultura francófona, tales como o diferente rexistro que se debe utilizar en función da relación entre os/as interlocutores/as, a utilización adecuada das fórmulas de cortesía, é dicir, as diferentes maneiras nunha lingua e noutra.

Así pois, co explicitado anteriormente poderase conseguir que os/as alumnos/as se familiaricen coa nova cultura, ademais de que este coñecemento intercultural os/as axude a superar as diferenzas e as actitudes intolerantes debidas ao descoñecemento e a unha visión egocéntrica e moitas veces totalitaria do mundo.

#### **2.4.Actividades:**

As destrezas comunicativas trátanse de maneira integrada. En cada unha das unidades (subdivididas nas correspondentes leccións), todas as actividades realízanse en catro vertentes: comprensión oral, expresión oral, comprensión escrita, expresión escrita.

##### **Comprensión oral.**

*Avant l'écoute:* Antes de realizar a actividade sensibilízase ao alumnado sobre a situación de comunicación que lle imos presentar. Esta actividade realízase por medio de preguntas do/a profesor/a: Exemplo: *Qui parle ?*, *Quel âge a-t-il / elle ?*, *Où il / elle habite ?...*

*Après l'écoute:* A escoita acompañase dunha tarefa concreta para realizar por parte dos/as alumnos/as para centrar a súa atención e axudalos/as a que distingan entre a información importante e a accesoria. O máis importante é a posta en práctica de estratexias naturais de comprensión global.

##### **Expresión oral.**

As actividades orais poden ser de dous tipos:

- *Práctica oral controlada:* Nestas actividades os/as alumnos/as poñen en práctica, dunha forma controlada, aqueles aspectos lingüísticos (morfosintácticos,

gramaticais, lexicais e de pronunciación) relevantes para unha correcta apropiación e a súa utilización posterior.

- *Práctica oral libre:* Son as actividades comunicativas que os/as alumnos/as realizarán dunha forma máis persoal e natural. Algunhas delas faranse en grupos de dous/dúas (poden facerse de forma que un/unha alumno/a saiba algo que o/a outro/a necesite para realizar a actividade). Os/as alumnos/as intercambiarán as informacións por medio de preguntas e respostas, de tal xeito que o intercambio de información se realice en francés dunha forma case natural.

### **Comprensión escrita.**

Nesta etapa da ESO, na que o nivel de coñecemento da lingua é elemental (aínda que pode haber niveis heteroxéneos), o noso interese céntrase en estimular aos/as alumnos/as para que acaden un nivel de competencia axeitado en francés. Traballaremos, pois, as destrezas escritas como un factor de consolidación e sistematización das actividades realizadas oralmente, utilizando as estratexias de lectura xa coñecidas por eles/as na aprendizaxe doutras linguas estranxeiras (inglés, por exemplo) ou outras, dependendo da lingua materna do alumnado.

### **Expresión escrita.**

A utilización de textos variados e relacionados cos intereses do alumnado crea situacións escritas simuladas, moi próximas á realidade. Estámonos a referir a actividades nas que os/as alumnos/as, a partir dun modelo, terán, por exemplo, que describir os utensilios escolares, describir as cores, informar sobre as materias preferidas, etc.

A integración das catro destrezas comunicativas realízase, fundamentalmente, ao final de cada unidade, na que por medio dun traballo de tipo global os/as alumnos/as traballan as aptitudes orais e escritas. Son actividades que promoven a dinámica de grupo e desenvolven neles/as a imaxinación e mais a creatividade.

Así pois, e consonte todo o exposto, traballarase para que o francés se converta no medio privilexiado de intercambio de informacións na aula, creando situacións de comunicación reais.

## **2.5. Procedementos e instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación.**

O concepto de avaliación cambiou cos métodos actuais de ensino. As avaliacións tradicionais que se rexían por probas que medían exclusivamente a corrección gramatical escrita resultan hoxe moi limitadas. Todo o proceso de aprendizaxe forma parte da avaliación e inclúe o traballo diario, a actitude, o rendemento na aula, os traballos realizados na casa e os cadernos persoais.

A avaliación debe axudar aos/ás alumnos/as a coñecer os seus logros, as dificultades e os seus progresos para poder mellorar e avanzar na súa formación. Trátase, en consecuencia, de desenvolver actitudes de responsabilidade nos/as alumnos/as, de forma que sexan cada vez máis autónomos/as na súa aprendizaxe e de axudar o/a profesor/a á hora de medir os resultados para corrixir o que non resulte adecuado, proporcionándolle datos sobre a súa estratexia docente e poder cambiar o rumbo do seu traballo se é necesario.

A avaliación inicial axúdanos a coñecer de forma rápida cal é o perfil da clase e as características de cada alumno. Tamén permite que afloren os coñecementos previos e as ideas preconcebidas do alumnos fronte ao francés. A profesora servírase de probas escritas especificamente deseñadas para isto con actividades amenas e tranquilizadoras para os alumnos para non seren confundidas por estes con exames ordinarios.

A función formativa da avaliación mide o progreso realizado por cada alumno/a desde o seu nivel inicial. Tamén é unha fonte de información moi importante para a profesora, xa que poderá axustar en cada momento a súa ensinanza ás necesidades suscitadas polos/as alumnos/as, sendo todo isto fundamental para unha adecuada atención á diversidade.

Finalmente, a función sumativa da avaliación avalía a competencia comunicativa do alumnado con respecto aos obxectivos establecidos, e isto tradúcese en cualificacións, que se obteñen en base ao seguinte esquema: 30% nota do primeiro exame + 30% nota do segundo exame + 30% traballos, exercicios e corrección do caderno do alumno + 10% actitude do alumno de cara á materia.

## **2.6. Competencias:**

Tal e como recollen a Lei Orgánica de Educación 2/2006 de 3 de maio e o Decreto 133/2007 de 5 de xullo, no marco da Unión Europea identificáronse oito competencias básicas a cuxa adquisición e desenvolvemento contribúe a área de lingua estranxeira. As devanditas competencias son as seguintes e o modo en que a materia de francés contribúe a desenvolver é o que a continuación delas se expón.



- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

A área de lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística complementando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de oraganización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

Incrementa a competencia de aprender a aprender ao mellorar a capacidade comunicativa xeral. Por iso, a aprendizaxe dunha lingua estranxeira debe incluír a reflexión sobre a propia aprendizaxe, identificando as estratexias e recursos que os fan máis eficaces. Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación ao logro entre outras.

Deste mesmo xeito, vese favorecida tamén a competencia relativa á autonomía e iniciativa persoal, na medida en que o alumno é dono da súa aprendizaxe e toma conciencia deste feito.

Tamén contribúe ao desenvolvemento da competencia social e cidadá, xa que coñecer unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados aos diferentes pobos. Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento, promovendo a tolerancia e a integración e axudando a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade como as diferenzas. Na liña do que acabamos de dicir, a área de lingua estranxeira tamén contribúe ao desenvolvemento da competencia artística e cultural.

Finalmente, axuda ao desenvolvemento da competencia en tratamento da información e competencia dixital ao utilizaren os alumnos a lingua estranxeira como unha posibilidade de comunicación tecnolóxica, creando contextos reais e funcionais de comunicación. Na práctica, esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información eficazmente transformándoa en coñecemento.

## **2.7. Fomento da lectura e aplicación das TIC:**

### **a. Proxecto lector.**

É obxectivo primordial deste departamento o fomento da lectura en lingua francesa polas seguintes razóns:

- Supón unha forma de ver a lingua estranxeira en contexto.
- Aмосa aos alumnos unha variedade de lingua e un rexistro máis enriquecedor, en tanto que se empregan metáforas, dobres sentidos, ironías, ... que desenvolverán a competencia lingüística dos alumnos.
- Transmite contidos culturais e de civilización, e valores estéticos que incidirán directamente na competencia cultural e artística. A través de textos breves e poemas seleccionados, os alumnos achegaranse á historia da literatura francesa e á actualidade literaria nese país e na francofonía.
- Motiva aos alumnos a produciren eles mesmos textos, aumentando así a súa autoestima, autonomía e iniciativa persoal.
- Promove a lectura autónoma no tempo de lecer, axudando a desenvolver a competencia para aprender a aprender.
- Mellora a comprensión, a atención e a capacidade de redacción.

As actividades que se levarán a cabo con tal fin son as seguintes.:

- En 1º e 2º de E.S.O.: audición e explotación de *comptines* e cancións populares, a través da súa tradución e análise de figuras estilísticas e dos datos de carácter cultural. Lectura de fragmentos extraídos de *La Tour Eiffel* (Bazyli Solowji, ed. Longman) e de *Un voyage de rêve en France* (ed. Oxford). Lectura e explotación de poemas escollidos de Paul Laurel e Jacques Prévert.

- En 3º e 4º de E.S.O.: audición e explotación semellante de cancións actuais e da época dourada da canción francesa. De xeito máis sistemático, no caso de

4º de E.S.O., un día por semana léranse e analizaranse poemas escollidos de Jacques Prévert (*Paroles*), Paul Laurel (*Mots*) e Paul Éluard (*Au rendez-vous allemand*); fábulas de La Fontaine; fragmentos de *Le Petit Nicolas* (Goscinny, ed. Folio); e cómics de *Tintin* e *Astérix et Obélix*. Ao final de curso elaborárase un mural onde os alumnos deberán reflexar os trazos da súa personalidade a través dun poema elaborado por eles mesmos e acompañado de imaxes ou ilustracións (a isto nós chamámoslle *poema visual*).

b. Emprego das TIC.

Na actualidade as TIC supoñen un recurso no ensino das linguas estranxeiras do cal resulta difícil prescindir. Na clase de francés, os alumnos utilizan as seguintes ferramentas:

En 1º e 2º de E.S.O.:

- Resolven exercicios en liña, tanto de escoita como escritos, en [www.lexique.fle.free.fr](http://www.lexique.fle.free.fr).

- Practican vocabulario e cuestións gramaticais como elección de artigo ou de terminación verbal, no xogo a respostas múltiples que ofrece <http://jeudeloie.free.fr>.

- Adquiren vocabulario relacionado cos animais e a natureza en [www.zoo-palmyre.fr](http://www.zoo-palmyre.fr).

- Realizan intercambios de correo electrónico e polo tanto, practican a presentación e a descrición física en [www.momes.net](http://www.momes.net).

- Coñecen Francia e Canadá dende o punto de vista do seu patrimonio natural e cultural en <http://francephotos.free.fr> e [www.photos-voyages.com/canada](http://www.photos-voyages.com/canada).

En 3º e 4º de E.S.O.:

- Escoita de mensaxes telefónicas en [www.lexique.fle.free.fr](http://www.lexique.fle.free.fr).

- Introdución á figura e á obra de Antoine de Saint-Exupéry en [www.saint-exupery.org](http://www.saint-exupery.org) e [www.lepetitprince.fr](http://www.lepetitprince.fr).

- Ampliación de coñecementos sobre a natureza, o medio físico e a ecoloxía en [www.notre-planete.info](http://www.notre-planete.info).

- Achegamento interactivo ás novelas policiacas. Nesta páxina deben ler por capítulos, unha breve novela policiaca e, ao final, resolver o crime mediante a realización de interrogatorios "reais" aos sospeitosos: [www.polarfle.com](http://www.polarfle.com).

- Lectura de extractos de Tintin e visionado, en versión orixinal, das aventuras que foron rodadas para a televisión en <http://tintin.francetv.fr>.

- Coñecemento da cultura e tradicións francesas nesta páxina que ofrece numerosas actividades, entre elas, a redacción e envío de cartas e felicitacións en datas festivas: [www.joyeuse-fete.com](http://www.joyeuse-fete.com).

### **2.8. Actividades extraescolares e complementarias:**

Debido ás variacións que se producen na oferta das compañías teatrais e na dispoñibilidade de centros culturais e museos, resulta difícil prever con tanta antelación a qué eventos poderán asistir os alumnos. Este departamento está sempre atento á carteleira da compañía de teatro Eina d'Escola, que representa obras en francés modernas ou clásicos adaptados ao alumnado da E.S.O.

Por outra banda, se se vai levar a cabo unha actividade complementaria que é moi frecuente no caso das materias que imparten linguas estranxeiras: o intercambio de correspondencia entre os nosos alumnos e alumnos francófonos. Dita actividade desenvolverase con seguridade no caso dos grupos de 3º e 4º de E.S.O., xa que o seu maior dominio da lingua estranxeira facilita a autonomía dos alumnos á hora de redactaren eles mesmos as cartas; no caso de 1º e 2º de E.S.O., a actividade realizarase en función do grao de adquisición dos coñecementos lingüísticos por parte dos alumnos e da dispoñibilidade horaria.

### **3. OBXECTIVOS DE ETAPA.**

O ensino da segunda lingua estranxeira nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Comprender mensaxes orais claras e sinxelas, relativas ás situacións de comunicación máis habituais ou que conteñan información básica sobre o contorno próximo familiar e social e producidas por falantes ou por medios de reprodución e de comunicación.

2. Utilizar oralmente a lingua estranxeira co fin de satisfacer necesidades básicas de comunicación tanto en interaccións reais e propias da aula, como en interaccións simuladas que reproduzan situacións reais cotiás e interaccións sociais básicas, producindo textos comprensibles e amosando interese por comprender e facerse comprender.

3. Comprender mensaxes escritas relativas a situacións habituais de comunicación expresadas en diferentes tipos de texto, identificando cunha finalidade comunicativa concreta as informacións globais e específicas que transmiten os textos.

4. Escribir textos sinxelos con cohesión e coherencia e que respecten as regras do código escrito.

5. Ler de forma comprensiva e cada vez cun maior grao de autonomía textos adecuados ás capacidades e intereses co fin de obter informacións requiridas previamente.

6. Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico na comunicación e valoralo como elemento que facilita a aprendizaxe e mellora as producións propias.

7. Comparar distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando trazos básicos e evitando os estereotipos, e incidindo nos trazos característicos da cultura galega para cumprir, se é o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais.

8. Usar estratexias de aprendizaxe xa aprendidas noutras linguas e desenvolver e ampliar outras mediante a comparación e contraste entre as diferentes linguas do currículo, aplicando a experiencia previa nesas linguas á aprendizaxe da segunda lingua estranxeira.

#### **4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Terase especialmente en conta a singularidade de cada alumno/a, en tanto que como persoa e en proceso de formación permanente lle pode achegar ao grupo elementos positivos, factores de enriquecemento e de variedade na clase. Todo isto axúdanos: os/as alumnos/as en tanto que individualidades por separado progresan a ritmos distintos e teñen formas diferentes de aprendizaxe (ademais das súas vivencias persoais, familiares ou sociais).

O enfoque metodolóxico que imos utilizar ten en conta o anteriormente descrito, dándolle un tratamento globalizado ao traballo por medio de:

- A adaptación dos obxectivos, dos contidos e das actividades propostas na programación das unidades.
- As propostas de traballo graduadas e diversificadas para facer que a clase sexa agradable e produtiva para os/as alumnos/as.

- O método de traballo propón exercicios repetitivos, cancións, xogos, pequenas redaccións, debuxos, etc.
- A planificación de actividades con obxectivos comunicativos e extralingüísticos que fomentan a comunicación para que poidan ser traballados polo alumnado con diferentes niveis.
- As actividades en común, xunto coas relacionadas co *Cahier d'activités*, danlles a oportunidade de participar e axudarse entre si segundo as capacidades de cada un/unha. Todas estas actividades permítenlles aos/ás alumnos/as tomar decisións e desenvolver a autonomía.
- O fomento da participación e da colaboración entre os/as alumnos/as con diferentes capacidades, xa que posibilita o traballo en parellas e, sobre todo, en equipo. Unha actitude positiva de traballo e unha boa participación nas actividades de grupo serán moi importantes no seu rendemento posterior. A profesora axudará a que os/as alumnos/as sexan conscientes disto.

## **5. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

(Segundo o Decreto 133/2007 do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia).

### 5.1. TEMPORALIZACIÓN.

### 5.2. CONTIDOS POR NIVEIS (1º- 4º E.S.O.) E CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

#### 5.1. TEMPORALIZACIÓN.

O curso académico prolóngase durante nove meses e artéllase en tres trimestres, ao final de cada un dos cales celébrase unha avaliación con entrega de cualificacións. Non obstante, a duración dos trimestres non é a mesma para todos eles e o número de días lectivos varía, ás veces, considerablemente. No presente curso académico, o número de días lectivos de que se dispón en cada trimestre é o que sigue:

- 1º trimestre: 63 días lectivos.
- 2º trimestre: 47 íd.
- 3º trimestre: 59 íd.

A secuenciación dos contidos desta programación tivo en conta este cómputo desigual e queda do seguinte xeito para cada un dos cursos:

1º E.S.O.	2º E.S.O.	3º E.S.O.	4º E.S.O.
-----------	-----------	-----------	-----------

1º trimestre/unidades	0, 1, 2, 3, 4	0, 1, 2, 3, 4	0, 1, 2, 3	0, 1, 2, 3
2º trimestre/unidades	5, 6, 7	5, 6, 7	4, 5, 6	4, 5, 6
3º trimestre/unidades	8, 9 e repaso	8, 9 e repaso	7, 8 e repaso	7, 8 e repaso

## 5.2. CONTIDOS POR NIVEIS (1º- 4º E.S.O.) E CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

### **PRIMEIRO CURSO DE E.S.O.**

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Comprender as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e básicas emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi a modo e con moita claridade. A través deste criterio trátase de avaliar se se é quen de seguir instrucións ou indicacións, de identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico. Igualmente, preténdese avaliar que o alumnado reconece as funcións básicas dunha situación de comunicación (saudar, expresar a opinión, o acordo/ desacordo; agradecer, invitar, chamar a atención, pedir colaboración, preguntar e dar un prezo...) e o estado de animo dos falantes. Valorarase especialmente a utilización de estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais.

2. Comunicarse oralmente (en parella, en pequeno grupo, en gran grupo) coa facilidade suficiente para satisfacer as necesidades de comunicación básicas de interacción na aula e participar en simulacións breves e sinxelas sobre temas coñecidos ou traballados previamente. Este criterio avalía a capacidade de comunicarse oralmente participando en conversas, reais ou simuladas, tanto nas relacións de aula como sobre temas coñecidos (o lecer, a vivenda, o tempo meteorolóxico, os alimentos, os gustos...). Estas consistirán esencialmente en facer e contestar preguntas, intercambiar ideas e información e describir persoas, obxectos, actividades diarias e lugares utilizando os recursos lingüísticos e os modelos de interacción adquiridos e as estratexias de cooperación que aseguren a comunicación (preguntar, soletrear...), amosando interese pola comunicación cos demais.

As producións poderán ter incorreccións léxicas, morfosintácticas ou fonéticas que non dificulten a comunicación.

3. Identificar e interpretar palabras e enunciados sinxelos pero contextualizados en situacións de comunicación significativas para o alumnado como mensaxes multimedia, historias curtas, tarxetas de felicitación, anuncios e carteis, aprendidos con anterioridade na súa forma oral ou xa traballados nas outras linguas do currículo.

Trátase de valorar a capacidade do alumnado de relacionar a forma escrita coa forma oral, recorrendo ás diversas linguaxes que acompañarán as palabras e enunciados (imaxes, xestos, sons, disposición dos textos). A identificación destas noutros contextos e a relación coas aprendizaxes previas noutras linguas será clave para a valoración positiva da aprendizaxe.

4. Producir mensaxes significativas sinxelas de xeito guiado en papel ou en formato dixital cunha finalidade comunicativa e con axuda de modelos que previamente foran aprendidos oralmente. Avaliarase a capacidade de escribir enunciados sinxelos a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, saudar, escribir un cartel...) tanto de forma manuscrita como en formato dixital.

5. Na propia lingua, comparar aspectos da vida cotiá dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando trazos moi básicos e evitando os estereotipos. Trátase de avaliar o interese por coñecer a outra cultura e a consciencia do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas. Valorarase especialmente a conciencia da diversidade lingüística e cultural europea, a aceptación da propia pertenza a esta, evitando actitudes etnocéntricas. Dada a dificultade lingüística de expresarse na lingua estranxeira, propóranse actividades de avaliación na lingua propia posto que non é a competencia lingüística a que este criterio pretende avaliar.

## **1º TRIMESTRE:**

### **Unidade 0 Le français c'est facile**

#### **BLOQUE 1 E 2. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR. LER E ESCRIBIR.**

Enumeración de persoas, películas, cidades, palabras francesas que coñezan.

Comprensión de iconas e de instrucións orais e escritas a fin de realizar os exercicios.

Identificación de obxectos e palabras.

Aplicación de estratexias para comprender palabras en francés.

Audición dun dialogo curto.

Produción e posta en práctica dun dialogo similar.

Localización nun mapa dalgúns cidades, montañas, ríos, mares franceses.

#### **BLOQUE 3. COÑECIMENTOS DA LINGUA. COÑECIMENTOS LINGÜÍSTICOS.**

**Funcións da lingua e gramática:** preguntar a identidade dun obxecto e responder: *c'est + nome en singular, ce sont + nome en plural*; indicar o nome dalgúns obxectos da clase; os artigos indefinidos, coñecer algúns saúdos; os pronomes persoais suxeito e o presente do verbo *parler*.



**Léxico:** os obxectos da clase; os saúdos.

#### **BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONSCIENCIA INTERCULTURAL.**

Curiosidade por descubrir palabras moi próximas en francés e na súa lingua de orixe.

Interese por saber interpretar un mapa de Francia: localización de cidades, montañas, ríos...

Sorpresa por recoñecer que se saben máis cousas das que se pensaba.

Sensibilizar os alumnos da importancia que ten o coñecemento de linguas estranxeiras para unha mellor comunicación entre os pobos.

#### **COMPETENCIAS BÁSICAS**

**Competencia en comunicación lingüística:** Todas as actividades do método teñen coma obxectivo a consecución da competencia lingüística.

**Competencia matemática:** P. 6, actividade 1.

**Competencia social e cidadá:** P. 7, actividade 3.

#### **Unidade 1 bonjour!**

#### **BLOQUE 1 E 2. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR. LER E ESCRIBIR.**

Audición de informacións deportivas para identificar datos precisos.

Aplicación de estratexias de cálculo para descubrir o valor de certos símbolos. Aplicación de estratexias de memorización.

Lectura dun cómic para identificar os saúdos.

Recoñecemento nun contexto real de palabras aprendidas.

Produción dun pequeno diálogo para se presentar. Posta en práctica.

Evocación de episodios anteriores dun cómic.

Saber deletrear un nome, e certos verbos.

Escoitar un xogo radiofónico e discriminación auditiva das fórmulas “C’est un”, “C’est une”.

#### **BLOQUE 3. COÑECEMENTOS DA LINGUA. COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS.**

**Funcións da lingua e gramática:** aprender a saudar e a presentarse; os números do 1 ao 10, identificar obxectos: qu’est-ce que c’est? e persoas: qui est-ce?, (lingua falada: c’est quoi?, c’est qui?); revisión do artigo indefinido; o presente do verbo *être*, e dos verbos en *-er* tipo: *parler* e *appeler*: coidado coa ortografía deste último!

**Léxico** : saúdos: fórmulas de cortesía. Identificación de persoas e correspondencia son - grafía.

**Fonética:** o alfabeto francés. Pronunciación de certas consoantes finais (cifras), consoantes finais non pronunciadas (cifras, verbo *être*).

#### **BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONSCIENCIA INTERCULTURAL.**

Interese por descubrir o nome e a localización dalgunhas cidades francesas.

Uso apropiado dos saúdos en francés.

Curiosidade por coñecer un novo personaxe de Cómico.

Coñecer e identificar normas de comportamento que facilitan a vida en sociedade.

## **COMPETENCIAS BÁSICAS**

**Competencia en comunicación lingüística:** Todas as actividades do método teñen coma obxectivo a consecución da competencia lingüística.

**Competencia matemática :** P. 8, actividade 2, P. 9, actividade 3, P. 12, actividade A e B.

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:** P. 16, actividade 1.

### **Tratamento da información e competencia dixital**

P. 16, actividade 3

### **Competencia social e cidadá**

P. 9, actividade 4 e 5

P. 17, actividade 1, 2, 3

### **Competencia para aprender a aprender**

P. 8, actividade 1

P. 9, actividade 3

P. 12-13, todas as actividades

P. 17, todas as actividades

### **Autonomía e iniciativa persoal**

P. 9, actividade 4, 5 e 6

P. 17, actividade 1, 2 e 3

## **Unidade 2 La rentrée**

### **BLOQUE 1 E 2. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR. LER E ESCRIBIR.**

Audición dun xogo para identificar informacións precisas.

Desenvolvemento de estratexias de cálculo mental para adiviñar cifras e inventar series matemáticas, así como para escoller o material escolar en función dun orzamento.

Lectura dun cómic sobre o aniversario.

Elaboración de pequenos diálogos sobre as datas de aniversario, a idade e o material escolar.

Lectura e audición dun cómic para o uso en contexto do vocabulario xa aprendido. Verificación da comprensión.

Reflexión sobre a posibilidade de volverse invisible, vantaxes e inconvenientes.

Discriminación auditiva dos artigos definidos *le, la*.

### **BLOQUE 3. COÑECEMENTOS DA LINGUA. COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS.**

#### **Funcións da lingua e gramática**

Aprender a contar de 11 a 20 e de 21 a 31, e a dicir os meses do ano para saber expresar a data dun aniversario (*le premier* + nome do mes); a formación do plural : regra xeral na escrita: *singular* + *s*, sen diferenza na lingua oral; saber conxugar o auxiliar *avoir* en presente (prestando atención á 1ª

persoa: *J'ai*); o artigo definido; a negación: *suxeito+ ne (n') + verbo+ pas* ; a posesión : *c'est à + pronome tónico ou nome propio*.

**Léxico** : os números, os meses do ano, a data, a idade, o material escolar.

**Fonética**: consoantes finais non pronunciadas, o *s* do plural.

#### **BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONSCIENCIA INTERCULTURAL.**

O calendario: Curiosidade por descubrir a orixe dos nomes dos días da semana e dos meses.

O pracer do cálculo mental, na era das calculadoras.

Comparación de prezos de materiais escolares en Francia e no país do alumno.

#### **COMPETENCIAS BÁSICAS**

##### **Competencia en comunicación lingüística**

Todas as actividades do método teñen coma obxectivo a consecución da competencia lingüística.

##### **Competencia matemática**

P. 18, actividade 1 e 2

P. 22, actividade A

P. 26, actividade 1, 2 e 3

P. 27, actividade 3

##### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

P. 19, actividade 5

P. 26, actividade 1

##### **Tratamento da información e competencia dixital**

P. 26, actividade 3

##### **Competencia social e cidadá**

P. 19, actividade 3

P. 20-21 *BD*

P. 24-25 *BD*

##### **Competencia artística e cultural**

P. 22, actividade A

##### **Competencia para aprender a aprender**

P. 22-23, todas as actividades

P. 27, todas as actividades

##### **Autonomía e iniciativa persoal**

P. 19, actividade 3

P. 26, actividade 1

#### **Unidade 3 En semaine**

#### **BLOQUE 1 E 2. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR. LER E ESCRIBIR.**

Audición dun texto para identificar informacións específicas.

Uso do vocabulario xa aprendido (saúdos, cifras, ...)

Resumo de episodios precedentes, antes de proceder á audición e á lectura dun cómic

Verificación da comprensión.

Lectura intensiva dun texto sobre as clases e doutro sobre o sistema escolar francés.

Descrición oral das diferenzas entre o sistema escolar francés e o do país do alumno.

Diálogo sobre as materias preferidas.

Observación dun horario francés para comparalo co seu horario.

### **BLOQUE 3. COÑECEMENTOS DA LINGUA. COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS.**

#### **Funcións da lingua e gramática**

A formación dos ordinais, regra xeral e excepcións; o pronome *on* (usos ; insistir sobre o emprego do verbo en 3ª persoa do singular.); o imperativo, o seu uso e a súa formación.

**Léxico:** revisión dos días da semana, estudo das partes do día, as materias escolares, o horario.

**Fonética:** as vogais nasais.

### **BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONSCIENCIA INTERCULTURAL**

Interese por descubrir o sistema escolar francés e comparalo co seu.

Curiosidade por coñecer a correspondencia das siglas C.E.S. e descubrir as Actividades de estudo.

Interese por coñecer a identidade de Blaise Pascale e de Victor Hugo.

Interese pola descuberta do horario dun alumno francés e comparación co seu.

### **COMPETENCIAS BÁSICAS**

#### **Competencia en comunicación lingüística**

Todas as actividades do método teñen coma obxectivo a consecución da competencia lingüística.

#### **Competencia matemática**

P. 28, actividade 2

P. 29, actividade 4

P. 32, actividade A

P. 36, actividade 1

#### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

P. 28, actividade 1

P. 35, actividade 5

#### **Tratamento da información e competencia dixital**

P. 35, actividade 7

#### **Competencia social e cidadá**

P. 28, actividade 2

P. 29, actividade 3

P. 34, actividade *Dossier*

#### **Competencia artística e cultural**

P. 29, actividade 4

P. 39, actividade *Chanson*

## **Competencia para aprender a aprender**

P. 32-33, todas as actividades

P. 35, todas as actividades

P. 38-39, actividade *Bilan 1*

## **Autonomía e iniciativa persoal**

P. 35, actividade 6

P. 38-39, actividade *Bilan 1*

## **Unidade 4 24 heures**

### **BLOQUE 1 E 2. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR. LER E ESCRIBIR.**

Audición e lectura de textos sobre a hora para buscar informacións específicas.

Observación de fusos horarios.

Estratexias de dedución para indicar a hora en diferentes países do mundo.

Identificación das horas do Grand Horloge de Rouen por escrito.

Localización no mapa da cidade de Rouen.

Preguntar oralmente a hora.

Audición e lectura do cómic. *Carole ...* Verificación da comprensión.

Observación da programación de televisión para buscar informacións precisas e para facer preguntas aos compañeiros.

Preparación de pequenos diálogos sobre a hora e sobre os programas de televisión. Posta en práctica.

### **BLOQUE 3. COÑECEMENTOS DA LINGUA. COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS.**

#### **Funcións da lingua e gramática**

Expresión da hora, *Il est* + hora(s), conxunción *et* con *quart* e *demie* só, *midi*, *minuit*; a hora dixital; os momentos do día (*da mañá*, *da tarde*, *da noite*); os números ata 60 (coidado co guión!), localización : a preposición *à* + nome de cidades (prestar atención á diferenza *a / à*). A interrogación total (tres formas diferentes, *-t- eufónica*), interrogación parcial : adverbios interrogativos.

**Léxico** : as horas, os momentos da xornada, os programas de televisión.

**Fonética**: a entoación interrogativa.

### **BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONSCIENCIA INTERCULTURAL.**

Curiosidade por observar os fusos horarios.

Interese por descubrir os programas de televisión franceses e comparalos cos do seu país.

Descubrimento dos programas de televisión preferidos polo conxunto do alumnado.

## **COMPETENCIAS BÁSICAS**

### **Competencia en comunicación lingüística**

Todas as actividades do método teñen coma obxectivo a consecución da competencia lingüística.

### **Competencia matemática**

P. 40, actividade 2

P. 41, actividade 3

P. 48, actividade 1

P. 49, actividade 1

### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

P. 40, actividade 2

P. 48, actividade 1

### **Tratamento da información e competencia dixital**

P. 46, actividade 1

P. 48, actividade 2

P. 49, actividade 2 e 3

### **Competencia artística e cultural**

P. 40, actividade 2

P. 46, actividade 1

### **Competencia para aprender a aprender**

P. 44-45, todas as actividades

P. 49, todas as actividades

### **Autonomía e iniciativa persoal**

P. 48, actividade 3

P. 49, actividade 3

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN NO 1º TRIMESTRE E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES:**

Tal e como figura nos criterios de avaliación do curso, non se esixe a corrección gramatical plena (coa excepción do último punto) dos contidos conceptuais que se relacionan a continuación, senón o seu emprego fluído e contextualizado por parte do alumno.

- Comprender e expresar os números do 1 ao 100.
- Coñecer a xeografía básica de Francia localizando o país nun mapa.
- Utilizar os saúdos en contexto e responder a eles.
- Nomear o material escolar distinguindo singular e plural con artigos.
- Coñecer e expresar de xeito oral e escrito os días e meses do ano. Comunicar unha data e o aniversario.
- Elaborar o horario de clase en francés co nome das materias.
- Preguntar e expresar a hora por escrito e oralmente.
- Diferenciar e empregar en contexto, sen erros gramaticais ou semánticos, os verbos *être* e *avoir*.

## **2º TRIMESTRE:**

### **Unidade 5 Pas de frères, pas de soeurs!**

## **BLOQUE 1 E 2. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR. LER E ESCRIBIR.**

Audición do xogo “Questions, questions” e dun cómic para buscar informacións específicas e trasladalas á escrita.

Observación do nome das cores en francés. Utilización de mesturas para descubrir mellor as cores.

Asociación de palabras e cores.

Lectura e práctica dunha conversación cun interlocutor.

Lectura dunha serie de documentos sobre a familia en China.

Identificación dos membros da familia e das relacións xenealóxicas.

Estratexias de dedución para identificar a unha persoa.

Elaboración da súa árbore xenealóxica.

Descrición de un mesmo, da familia e dos animais domésticos que ten cadaquén.

Interpretación dun test de personalidade.

Recoñecemento do vocabulario xa aprendido, en situación real.

## **BLOQUE 3. COÑECEMENTOS DA LINGUA. COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS.**

### **Funcións da lingua e gramática**

Revisión da interrogación. Os adxectivos posesivos ; o plural das palabras rematadas en *-al (-aux)* ; a formación do feminino dos adxectivos na escrita (regra xeral, excepcións); a negación : *pas de* equivalente de *aucun*.

**Léxico** : o nome das cores, a familia, a posesión, descrición de persoas e animais.

**Fonética** : a pronunciación do feminino dos adxectivos.

## **BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONSCIENCIA INTERCULTURAL.**

Interese por descubrir o problema da superpoboación en China. Comparar co país de orixe.

Reflexión crítica sobre o respecto dos dereitos da muller en China.

## **COMPETENCIAS BÁSICAS**

### **Competencia en comunicación lingüística**

Todas as actividades do método teñen coma obxectivo a consecución da competencia lingüística.

### **Competencia matemática**

P. 53, actividade 2

### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.**

P. 50, actividade 1

P. 51, actividade 3 e 4

P. 57, actividade 3

### **Tratamento da información e competencia dixital**

P. 57, actividade 5

### **Competencia social e cidadá**

P. 53, actividade 2

P. 56, actividade *Dossier*

### **Competencia artística e cultural**

P. 50, actividade 2

P. 51, actividade 3 e 4

### **Competencia para aprender a aprender**

P. 54-55, todas as actividades

P. 59, todas as actividades

### **Autonomía e iniciativa persoal**

P. 53, actividade 2

P. 58, actividade *Jeux*

P. 59, actividade 5

## **UNITÉ 6 TU HABITES OÙ?**

### **BLOQUE 1 E 2. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR. LER E ESCRIBIR.**

Audición dun paseo por París para identificar un itinerario nun plano e localizar monumentos.

- Localizar e nomear os países de Europa e os principais do mundo, xunto coas súas nacionalidades en masculino e feminino, singular e plural.
- Manter diálogos sobre gustos e actividades de lecer, expresando opinións e preferencias.
- A través de un diálogo, ser capaz de concertar unha cita, aceptala, rexeitala ou modificala.
- Ser capaz de resumir ou parafrasear unha conversa mantida, escoitada ou lida, dentro dos límites do léxico visto na clase.
- Empregar as tres formas da comparación e o superlativo, incluídas as formas irregulares.
- Utilizar o imperativo, distinguíndoo sempre do presente de indicativo.
- Coñecer os lugares públicos dunha cidade e ser capaz de preguntar e dar unha dirección.
- Ser capaz de formar frases correctas utilizando os pronomes relativos *qui, que, où*.

### **2º TRIMESTRE:**

#### **Unidade 4 Naturel et surnaturel**

#### **BLOQUE 1 E 2. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR. LER E ESCRIBIR.**

- Verificación lúdica dos coñecementos previos sobre a formación do pasado composto, e práctica deste tempo.
- Lectura dun texto sobre un misterio: *la Bête du Gévaudan*. Verificación da comprensión e redacción dun pequeno texto que explica a opinión do alumno sobre a necesidade de protección fronte aos lobos.
- Contar oralmente os recordos das últimas vacacións.
- Revisión do vocabulario da meteoroloxía e das catástrofes.
- Audición dunha gravación coa fin de atopar nela información específicas.
- Saber falar dos incidentes persoais desagradábeis que acontecen.
- Lectura do dossier “Au parc de la Vanoise”. Verificación da comprensión.
- Expresión do desexo ou do rexeitamento para ir visitar este parque natural. Xustificación da resposta.
- Descrición do “coin de paradis” persoal de cada alumno.
- Interpretación dun test de personalidade sobre a ecoloxía.
- Expresar oralmente a contribución persoal de cada quen á protección do medio ambiente.
- Redacción dun boletín meteorolóxico.

### **Reflexións sobre a lingua**

#### **Funcións da lingua e da gramática:**

O pasado composto: formación (presente do verbo auxiliar + participio pasado do verbo conxugado), verbos auxiliares, concordancia do participio pasado, a negación e o pasado composto. Formación do participio pasado (verbos regulares e irregulares). O pronome relativo *qui*. A expresión das predicións meteorolóxicas.

**Fonética:** o son [uj] .

**Vocabulario:** a meteoroloxía e as catástrofes, o eido da natureza: os parques naturais, a preservación do medio ambiente, a climatoloxía. A expresión da opinión; algunhas expresións da lingua falada.

### **BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONSCIENCIA INTERCULTURAL.**

- Curiosidade por descubrir unha lenda secular: *la Bête du Gévaudan*.
- Reflexión sobre a necesidade de protexer a natureza e certas especies animais en particular.
- Reflexión crítica sobre a importancia da acción do home nas catástrofes “naturais”.
- Interese en descubrir un paraíso natural: Le Parc de la Vanoise.
- Reflexión sobre a importancia da separación do lixo.

#### Competencias básicas

#### **Competencia en comunicación lingüística.**

Todas as actividades do método teñen coma obxectivo a consecución da competencia lingüística.

#### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

P. 44, actividade 1

P. 48, actividade 1

P. 50, actividade 1

P. 51, actividade 2

### **Tratamento da información e competencia dixital**

P. 50, actividade 2

### **Competencia social e cidadá**

P. 43, actividade 3

P. 48, actividade 1

### **Competencia para aprender a aprender**

P. 46-47, actividade: *todas*

P. 51, actividade: *todas*

### **Autonomía e iniciativa persoal.**

P. 43, actividades 2 e 4

P. 45, actividade 2

P. 49, actividade 3

## **Unidade 5 Vie active**

### **BLOQUE 1 E 2. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR. LER E ESCRIBIR.**

- Revisión lúdica do vocabulario dos oficios.
- Saber falar dos proxectos do futuro persoais e dos outros.
- Audición dunha gravación sobre as profesións coa fin de procurar nela informacións específicas.
- Elección dun oficio e xustificación da escolla.
- Establecemento dunha correspondencia entre as materias a estudar e as profesións.
- Lectura intensiva dun texto coa fin de responder a preguntas precisas.
- Lectura e audición do dossier: “*Enquête: Quel métier pour l’avenir ?*” Verificación da comprensión. Ampliación do vocabulario sobre as profesións.
- Lectura do dossier “*Les métiers de l’action humanitaire*”. Verificación da comprensión e redacción dun pequeno texto sobre o voluntariado.
- Lectura da historia de nove invencións e establecemento da correspondencia entre inventores-invenções.

### **Reflexións sobre a lingua**

#### **Funcións da lingua e da gramática:**

A expresión do desexo: *Je voudrais, j’aimerais*. A expresión da fin: *Pour + infinitivo*. O imperfecto: Formación: radical da 1ª persoa do plural do presente + desinencias (*-ais, -ais, -ait, -ions, -iez, -aient*). (Excepción: o verbo *être*; atención aos verbos en *-ger* e en *-cer*). O imperfecto e o pasado composto (uso). A formación do feminino dos substantivos: Feminino = Masculino + *s*; excepcións: substantivos rematados en *-e*, dobramento da consoante, cambio da sílaba final, substantivos invariables, formas diferentes para o masculino e o feminino.

**Fonética:** o son [s].

**Vocabulario:** os oficios, os lugares de traballo, as materias ecolares, os desexos, algunhas expresións da lingua falada.

#### **BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONSCIENCIA INTERCULTURAL.**

- Importancia da escolla dun oficio adaptado ás características persoais de cada quen.
- Descubrimento dun valor esencial da nosa sociedade: a solidariedade. As calidades dos que exercen un oficio “humanitario”.
- Reflexión sobre a importancia da literatura como medio de evasión e de transformación da realidade: a propósito de *Balzac et la petite tailleuse chinoise*. A relación literatura-cinema.
- Curiosidade por descubrir invencións e aos seus inventores.

#### Competencias básicas

##### **Competencia en comunicación lingüística.**

Todas as actividades do método teñen coma obxectivo a consecución da competencia lingüística.

##### **Competencia matemática**

P. 60, actividade 1

##### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

P. 58-59, actividade: *Dossier*

P. 60, actividade 1

##### **Tratamento da información e competencia dixital.**

P. 60, actividade 2

##### **Competencia social e cidadá**

P. 53, actividade 4

P. 54-55, actividade 1

P. 58-59, actividade: *Dossier*

P. 60, actividade 1

##### **Competencia artística e cultural**

P. 53, actividade 4

##### **Competencia para aprender a aprender**

P. 56-57, actividade: *todas*

P. 61, actividade: *todas*

##### **Autonomía e iniciativa persoal**

P. 52, actividade 2

#### **Unidade 6 Voyages des langues**

#### **BLOQUE 1 E 2. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR. LER E ESCRIBIR.**

- Xogar ao “téléphone arabe” para verificar a transformación progresiva dunha palabra.
- escoitar e saber identificar, a partir da definición, palabras non-indoeuropeas.
- Saber identificar palabras estranxeiras e correspondelas coas súas definicións.



- Facer unha lista de palabras estranxeiras en francés. Emprego do diccionario para coñecer a orixe.
- Dossier: “*Les langues étrangères*”: escoitar unha gravación sobre a historia das linguas. Lectura do dossier, despois responder ás preguntas.
- Dossier: “*Les jeunes d’aujourd’hui et les pays étrangers qu’ils ont visités*”: facer un resumo por escrito.
- Expresar unha opinión sobre os países ou as rexións que visitamos e falar das diferenzas co país ou a rexión de orixe.
- Lectura do texto “*Que vivent les langues*”; facer un resumo curto e practicar o estilo indirecto.
- Escoitar e responder ás preguntas sobre os países.
- Lectura do dossier: *Francescopie 2: le cinéma*, para coñecer a invención e a historia do cinema.
- Escoller o filme preferido, xustificar a escolla, redactar a sinop.e e falar del co compañeiro ou coa compañeira.

### **Reflexións sobre a lingua**

#### **Funcións da lingua e da gramática**

O discurso indirecto: os cambios do discurso indirecto: as comiñas, os pronomes persoais, os adxectivos posesivos, a desinencia verbal. As frases enonciativas (introducidas por *que, qu’*). As frases interrogativas (desaparición da inversión do suxeito e da fórmula *est-ce que*; así como do punto de interrogación); frases interrogativas totais introducidas por *si*; sostemento dos pronomes interrogativos. As frases imperativas: substitución do verbo en imperativo por *dire, demander de* + infinitivo.

Os pronomes persoais COI (forma e lugar). Revisión do pasado composto.

**Fonética:** o son [□].

**Vocabulario:** A Unión europea: os países.

### **BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONSCIENCIA INTERCULTURAL.**

- Interese en descubrir a importancia do coñecemento de linguas estranxeiras, o contacto entre as linguas e as súas influencias mutuas, a historia das linguas e a riqueza do plurilingüismo.
- Reflexión sobre a importancia da cidadanía europea.
- Curiosidade por descubrir unha lingua artificial: o esperanto.

#### Competencias básicas

##### **Competencia en comunicación lingüística.**

Todas as actividades do método teñen coma obxectivo a consecución da competencia lingüística.

##### **Tratamento da información e competencia dixital**

P. 70, actividade 2

P. 74, actividade: *Pour en savoir plus*

##### **Competencia social e cidadá**

P. 63, actividade 3

P. 64, actividade 1

- P. 68, actividade 1
- P. 69, actividade 4
- P. 70, actividade 1
- P. 71, actividade 3
- P. 74-75, actividade: *Francescopie*

### **Competencia artística e cultural**

- P. 73, actividade: *Chanson*

### **Competencia para aprender a aprender**

- P. 66-67, actividade: *todas*
- P. 71, actividade: *todas*
- P. 72-73, actividade: *Bilan 2*

### **Autonomía e iniciativa persoal**

- P. 62, actividade 2
- P. 69, actividade 3

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO 2º TRIMESTRE E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES:**

Dado que o progreso na asimilación de contidos desta asignatura se avalía de forma continua, seguirán sendo obxecto de avaliación e cualificación os contidos do 1º trimestre, segundo os criterios anteriormente descritos.

- Empregar discriminadamente, diferenciando o contexto de uso, os tres tempos estudados de pasado: *passé composé*, *plu-que-parfait*, *imparfait*, para relatar accións ou historias acaecidas no pasado.
- Describir o tempo meteorolóxico e comprender unha predicción auténtica.
- Empregar o futuro simple e o futuro próximo para expresar proxectos de futuro relacionados coa escolla de profesión, de forma razoada e establecendo preferencias.
- Conxugar e utilizar o condicional en todas as persoas para aconsellar e para formular frases condicionais do tipo I e II.
- Ser capaz de trasladar unha frase ou texto breve do estilo directo ao indirecto e viceversa.
- Recoñecer e empregar en frases os pronomes de COI, distinguíndoos sempre do COD.

## **3º TRIMESTRE:**

### **Unidade 7 Vision du futur**

## **BLOQUE 1 E 2. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR. LER E ESCRIBIR.**

- Revisión lúdica do vocabulario dos aparellos da casa e das tarefas do fogar.
- Saber falar do futuro e das novas tecnoloxías. Facer proxectos.
- escoitar unha gravación coa fin de atopar nela informacións específicas.
- Preparar un diálogo cun/ha compañeiro/a sobre a visión persoal do mundo en 100 anos.
- Ler un texto, extracto do *Petit Prince*. Verificación da comprensión e achado dos verbos en futuro. Redacción dun resumo curto.
- Mirar unha banda deseñada sobre os robots para asociar o vocabulario e as imaxes.
- Contar, en futuro, a utilidade dos robots na casa.
- escoitar a canción “C’est pas l’homme qui prend la mer” e falar da distribución das tarefas do fogar e do que sabemos facer neste eido.
- Lectura dun texto sobre Internet, medio de comunicación por excelencia entre os mozos e mozas, verificación da comprensión.
- Observación das regras de conduta a levar a cabo na net e dalgúns símbolos que indican os sentimentos do interlocutor.
- Saber encher un formulario para procurar un enderezo electrónico.
- Lectura dun texto sobre os grandes descubrimentos. Emprego de estratexias de dedución para atopar os autores.

### **Reflexións sobre a lingua**

#### **Funcións da lingua e da gramática**

O futuro: formación: infinitivo + desinencias (verbos irregulares: modificación da raíz temática); valores: expresión dunha promesa, unha programación, unha previsión, unha predicción. Os conectores temporais. Outros valores do futuro: a expresión da certeza e da probabilidade. *Quand* + futuro. Os adverbios en *-ment*: formación.

**Fonética:** o son [ɛ].

**Vocabulario:** Internet, o futuro e o espazo; as tarefas do forgar.

### **BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONSCIENCIA INTERCULTURAL.**

- Curiosidade por imaxinar o mundo en 100 anos.
- Interese en descubrir *Le Petit Prince* e o seu autor.
- Reflexión sobre a necesidade de compartir as tarefas do fogar.
- Reflexión crítica sobre Internet, as súas aplicacións útiles, o tempo que se lle adica, a conduta a manter na rede, os abusos dos que se pode ser vítima e, en consecuencia, a necesidade de facer unha clasificación de p. a visitar e dos límites.
- Curiosidade por coñecer os grandes descubrimentos, os seus autores e as aventuras.

#### Competencias básicas

##### **Competencia en comunicación lingüística.**

Todas as actividades do método teñen coma obxectivo a consecución da competencia lingüística.

##### **Competencia matemática**

P. 82, actividade 1

P. 84, actividade 1

##### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.**

P. 76, actividade 1

P. 85, actividades 1 e 2

### **Tratamento da información e competencia dixital**

#### **P. 84, actividade 2**

##### **Competencia social e cidadá**

P. 82, actividade 1

P. 84, actividade 1

##### **Competencia artística e cultural**

P. 77, actividade 3

P. 79, actividade 1

##### **Competencia para aprender a aprender**

P. 80-81, actividade: *todas*

P. 85, actividade: *todas*

##### **Autonomía e iniciativa persoal**

P. 77, actividade 2

P. 79, actividade 2

P. 83, actividade 2

## **Unidade 8 Bonnes vacances**

### **BLOQUE 1 E 2. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR. LER E ESCRIBIR.**

- Revisión do vocabulario das vacacións e do lecer.
- Falar dos países que quixéramos visitar.
- Audición dunha gravación coa fin de procurar nela informacións específicas.
- Falar dos gustos persoais sobre as vacacións, do lugar onde se pasaron as últimas, escoller un punto de destino.
- Lectura dunha publicidade turística sobre a Lúa e desenvolvemento das estratexias de dedución para descubrir se as Actividades propostas son posíbeis.
- “*La destination de mes rêves*”: Audición e lectura dun dossier sobre destinos soñados. Ligar as imaxes cos interlocutores.
- Convide a participar no foro de Internet e a enviar a propia opinión.
- Lectura dun texto sobre *l’argent de poche*. Verificación da comprensión e redacción dun pequeno texto para contar a experiencia persoal cos cartos.
- Interpretación dun test de personalidade sobre o carácter aventureiro de cada quen.
- Falar das actividades posíbeis nos lugares de vacacións, empregando o condicional.
- Lectura do dossier: *Francescopie 3: Les auberges de jeunesse* (vantaxes, condicións de adhesión, etc.).
- Redacción dunha carta para pedir informacións específicas a un albergue concreto.

### **Reflexións sobre a lingua**

#### **Funcións da lingua e da gramática**

O condicional: Formación: Infinitivo + desinencias do imperfecto. (Verbos irregulares: mesma raíz temática que para o futuro; as desinencias non mudan). Valores: pregunta amábel, expresión dun

desexo, dun consello, dunha recomendación. As proposicións condicionais: A expresión da hipótese: *Si* + imperfecto do indicativo / condicional. A expresión da probabilidade ou da case-certeza: *Si* + presente do indicativo / presente, futuro, imperativo. A expresión da causa: a locución *parce que* e o seu emprazamento na frase.

**Fonética:** o son [ʔ].

**Vocabulario:** vacacións; viaxes e aventuras.

#### **BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONSCIENCIA INTERCULTURAL.**

- Reflexión crítica sobre as vacacións. As vacacións outrora e hoxe en día; as vacacións pagadas; o destino, indicio frecuente dun estatus social.
- Desenvolvemento da imaxinación proponendo vacacións na Lúa.
- Interese en descubrir o destino soñado dos outros e de si, expresalo.
- Curiosidade por descubrir o que se faría cunha grande suma de cartos.
- Convite á participación nun foro de Internet para expresar nel a súa opinión.
- Reflexión crítica sobre a paga semanal e o seu poder educativo.
- Interese en coñecer soños de futuro “atípicos”.
- Descubrimento dunha rede de aloxamentos de baixo prezo para as vacacións, en Francia e no estranxeiro: os albergues de mocidade.

#### Competencias básicas

##### **Competencia en comunicación lingüística.**

Todas as actividades do método teñen coma obxectivo a consecución da competencia lingüística.

##### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

P. 87, actividade 3

P. 88-89, actividade: *Dossier*

##### **Tratamento da información e competencia dixital**

P. 93, actividade 3

P. 99, actividade: *Pour en savoir plus*

##### **Competencia social e cidadá**

P. 88, actividade 1

P. 98-99, actividade: *Francescopie*

##### **Competencia artística e cultural**

P. 97, actividade: *Chanson*

##### **Competencia para aprender a aprender**

P. 90-91, actividade: *todas*

P. 95, actividade: *todas*

P. 96-97, actividade: *Bilan 3*

##### **Autonomía e iniciativa persoal**

P. 86, actividade 2

P. 89, actividade 4

P. 93, actividades 2 e 4

P. 94, actividade 8

P. 98, actividade: *Francescopie*

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO 3º TRIMESTRE E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES:

Dado que o progreso na asimilación de contidos desta asignatura se avalía de forma continua, seguirán sendo obxecto de avaliación e cualificación os contidos do 1º e 2º trimestres, segundo os criterios anteriormente descritos.

- Coñecer e empregar o léxico das tarefas do fogar, do mobiliario e dos electrodomésticos.
- Interiorizar os outros valores do futuro empregándoos correctamente.
- Formar adverbios en –ment, incluídos os irregulares máis importantes.
- Ser capaz de escribir unha carta para pedir información.
- Empregar as frases condicionais de tipo I e II; recoñecer o tipo III nun texto escrito.
- Coñecer e utilizar correctamente os nexos causais e consecutivos en oracións subordinadas.

## 6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE SETEMBRO

### **Primeiro curso.**

1. Identificar a información global e específica en mensaxes orais emitidas por casetes, vídeos, etc., en que se produzan situacións de comunicación previamente traballadas, que lle resulten familiares ao alumno, así como tamén en textos escritos moi sinxelos e de extensión limitada (descritivos) anticipando o significado dalgúns elementos a través do contexto.

2. Participar en conversas moi sinxelas empregando fórmulas básicas de interacción social e de situacións coñecidas podendo cometer sempre algún erro que non impida a comunicación nas relacións sociais.

3. Ler individualmente textos escritos adaptados ao seu nivel coa axuda do dicionario para obter información, xa sexa global ou específica con finalidades diversas asentando as estratexias para unha futura aprendizaxe máis complexa. Os textos deben conter apoio gráfico con información redundante que facilite a súa comprensión.

4. Elaborar textos curtos e sinxelos tales como notas persoais, cartas, invitacións, felicitacións, pequenas enquisas, facendo uso adecuado dos elementos básicos de cohesión, así como dos signos de puntuación logrando que sexan comprensibles para o lector.

5. Tomar conciencia e manifestar na práctica o coñecemento dos aspectos básicos da lingua estranxeira a través de actividades sinxelas do seu funcionamento no discurso oral e escrito: nocións, funcións, elementos morfolóxicos, sintácticos, fonolóxicos e léxicos máis habituais e elementais aplicados a situacións de comunicacións habituais en tarefas de expresión oral e escrita.

6. Inducir a partir da observación de regularidades e mediante actividades as estruturas básicas do idioma e aplicar procesos de indución e dedución a partir delas.

7. Establecer relacións entre funcións da linguaxe, conceptos gramaticais e expoñentes lingüísticos.

8. Comezar a empregar termos lingüísticos básicos para referirse a elementos gramaticais a través de actividades de aula e reflexionar sobre eles.

9. Recoñecer de forma contextualizada aspectos relevantes dos países da lingua estranxeira nos textos orais ou escritos con que se traballa.

10. Recoñecer os rexistros, as variedades, as fórmulas, os estilos dos interlocutores e a intencionalidade nas situacións máis habituais de comunicación.

11. Identificar as peculiaridades, costumes e tradicións máis características dos países onde se fala a lingua estranxeira e contrastalas coas que se transmiten no propio país.

### **Segundo curso.**

1. Identificar a información global e específica en textos orais (conversacións, exposicións breves e diálogos) sobre temas que lle resulten familiares ao alumno, así como tamén en textos escritos sinxelos e de extensión limitada (descritivos e narrativos), sendo capaz de anticipar o significado dalgúns elementos a través do contexto.

2. Participar en intercambios orais breves, relativos a situacións coñecidas, empregar unha linguaxe sinxela e incorporar expresións comúns nas relacións sociais.

3. Ler individualmente, utilizando o dicionario con eficacia, textos con apoio visual e libros sinxelos para xoves, demostrando a comprensión por medio dunha tarefa específica.

4. Redactar mensaxes curtas e sinxelas sobre temas cotiáns utilizando os conectores e o léxico apropiados, e que sexan comprensibles para o lector. Prestarase atención aos pasos seguidos para mellorar a produción escrita.

5. Manifestar na práctica o coñecemento dos aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía) tanto a través de actividades contextualizadas sobre puntos concretos como pola súa correcta utilización nas tarefas de expresión oral e escrita.

6. Inducir regras de funcionamento da lingua estranxeira a partir da observación de regularidades e aplicar procesos de indución e dedución de forma alternativa.

7. Establecer relacións entre funcións da linguaxe, conceptos gramaticais e expoñentes lingüísticos.

8. Utilizar termos lingüísticos básicos para referirse a elementos gramaticais tanto nos procesos de uso como de reflexión sobre eles.

9. Recoñecer os elementos socioculturais que se presenten de forma explícita ou implícita nos textos con que se traballa e identificar informacións culturais.

10. Usar rexistros, variedades, fórmulas e estilos adecuados á situación de comunicación, ao interlocutor e a súa intencionalidade comunicativa.

11. Utilizar o coñecemento dos aspectos socioculturais que transmite a lingua estranxeira como contraste cos propios.

### **Terceiro curso da E.S.O.**

1. Comprender a idea principal e algúns detalles relevantes de textos orais sinxelos sobre temas relacionados con aspectos cotiáns como lecer e tempo libre, trazos de personalidade, profesións e traballos, preferencias, experiencias persoais, organización da aula...

2. Emitir mensaxes breves, relativas a situacións habituais, de interese persoal narrando, describindo, xustificando unha elección, e utilizando as convencións propias da conversa producindo un discurso con pronunciación e entoación comprensibles e vocabulario suficiente.

3. Localizar en mensaxes escritas en diversos formatos información explícita e realizar inferencias directas baseadas no contexto.

4. Compoñer mensaxes escritas significativas atendendo ás persoas ás que van dirixidas, ao tipo de texto e á finalidade; facendo uso dos conectores de adición, enumeración, clasificación comparación e causativos na formulación dos enunciados.



5. Na propia lingua, comparar distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando trazos básicos e evitando os estereotipos e incidindo nos trazos característicos da cultura galega. Trátase de avaliar o interese por coñecer a outra cultura e a consciencia do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.

#### **Cuarto curso da E.S.O.**

1. Comprender a idea principal e os detalles máis relevantes de mensaxes orais curtas emitidas de forma clara, breve e organizada, sobre temas relacionados con aspectos cotiáns e socioculturais (organización do sistema escolar, da Seguridade Social, das vacacións...), relativos ao país ou países nos que se fala o idioma estudado e /ou que xiren arredor de necesidades materiais, sensacións físicas e sentimentos ou opinións.

2. Producir discursos comprensibles e adaptados ás características da situación: establecer relacións, narrar, dar a súa opinión e describir, utilizando as normas de interacción adecuadas ao rexistro familiar ou neutro derivado do contexto, e as estratexias e os recursos básicos que aseguren a comunicación cos interlocutores (preguntar, pedir que se soletree ou se fale máis amodo...), así como as estratexias axeitadas para iniciar, manter e terminar a comunicación. Os intercambios comunicativos conterán elementos de coordinación e subordinación básica que poden presentar algunhas incorreccións que non dificulten da comunicación.

3. Comprender a información xeral e todos os datos relevantes de textos escritos auténticos e adaptados, de extensión variada sobre temas traballados na aula e tamén que vehiculen aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira recoñecendo feitos e opinións, identificando, se é o caso, a intención comunicativa do autor, e utilizando as estratexias requiridas pola finalidade da lectura. A través deste criterio avalíase a capacidade para comprender diferentes tipos de textos escritos (narrativos, descritivos).

4. Redactar de forma guiada textos diversos de sintaxe simple e facilmente comprensible, léxico limitado pero axeitado ao contexto e corrección na ortografía, puntuación, orde das palabras e tempos verbais. En todos os escritos, avalíase tamén a presentación clara, limpa e ordenada e a revisión do texto antes de ser entregado.

5. Reformular na propia lingua o sentido dun texto tanto oral como escrito que conteña temas traballados na aula para facelo comprensible a un interlocutor próximo,

que descoñeza a lingua estranxeira e garantir a relación fluída entre falantes e culturas. Mediante este criterio avalíase a capacidade de mediar, cunha actividade de interpretación informal, cando o receptor descoñece a lingua orixinal. Trátase de valorar a capacidade de desligarse da formulación lingüística orixinal e de explicar o sentido do texto de tal xeito que se poidan evitar malentendidos en un contexto social multilingüe.

6. Na propia lingua, comparar distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando trazos básicos e evitando os estereotipos, e incidindo nos trazos característicos da cultura galega. Trátase de avaliar a competencia intercultural, o interese por coñecer a outra cultura e a consciencia do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas. Valorarase especialmente o coñecemento dalgúns trazos socioculturais, históricos e xeográficos dos países nos que se fala a lingua estranxeira. Dada a dificultade lingüística de expresarse na lingua estranxeira, propóranse actividades de avaliación na lingua propia posto que non é a competencia lingüística a que este criterio pretende avaliar.

## **7. PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.**

### 7.1. Contidos esixibles:

Considerarase que os alumnos coa materia suspensa de cursos pasados teñen superada a materia de francés, unha vez acadados os contidos mínimos esixibles que, nesta programación didáctica, figuran no punto 6 para cada un dos niveis.

### 7.2. Programa De Reforzo Para Pendentes:

Na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica, quedarán fixadas as datas exactas en que, no mes de maio, terán lugar as probas para que os alumnos con materias pendentes de outros cursos teñan a posibilidade de superalas.

Aos alumnos coa materia de Segunda Lingua Estranxeira Francés pendente de cursos anteriores proporcionaráselles unha guía que incluirá:

- A data de maio en que terán lugar os exames.
- Os contidos mínimos esixibles que figuran nesta programación.

- Os criterios de avaliación.

- Tres caderniños compostos de fichas de teoría e exercicios prácticos avaliábeis cuxas cualificacións computarán xunto coa nota obtida nas probas de febreiro e maio.

- A reseña do libro de lectura obrigatoria.

A distribución dos caderniños farase aproximadamente cada dous meses, tratando de que as entregas coincidan cos períodos vacacionais (Nadal, Entroido e Semana Santa), para que o tempo empregado na recuperación desta materia non prexudique ao alumno no estudo das outras materias que esté a cursar.

Queda tamén por determinar na vindeira C.C.P. os días e horas en que, fóra do horario lectivo habitual dos alumnos, terán lugar as clases de reforzo para que os alumnos con esta materia pendente resolvan as súas dúbidas. O cal non impide que os alumnos se poidan dirixir a este departamento en calquera recreo para resolver os problemas que lles poidan xurdir.

### 3. Actividades de avaliación:

Divídense en tres tipos e a súa temporalización coincide con cada un dos tres trimestres do curso, son as seguintes:

- 1º trimestre: os alumnos realizarán ao longo deste trimestre, baixo a supervisión e a guía da profesora, un caderniño composto por 11 fichas de actividades graduadas en dificultade. Cada ficha se corresponde a cada unha das 11 semanas de que se compón o trimestre se exceptuamos a primeira semana de setembro (do 21 ao 25), que os alumnos empregan para poñerse en contacto cos profesores de cada materia.

A efectos de cualificación, este caderniño computará un 25% da nota global e atenderá aos puntos a., c., d., f. e h. que figuran no apartado seguinte (4. Criterios para superar a materia pola avaliación continua).

- 2º trimestre: cada alumno realizará unha lectura individual dun libro axeitado ao seu nivel e que forma parte dos fondos da biblioteca do centro. Ao remate, deberá responder en casa, e coa posibilidade de empregar dicionario e gramática, a unhas preguntas relacionadas co argumento coa finalidade de demostrar que leu o libro, que o fixo con comprensión e que é capaz de realizar resumos e expresar ideas sobre o que leu.

O traballo do libro de lectura computará outro 25% da nota global e atenderá aos puntos a., b., c., d., e., f., g., h., i. e l. do apartado sinalado anteriormente.

- 3º trimestre: o alumno realizará, na data sinalada pola C.C.P., un exame escrito que versará sobre os contidos mínimos esixibles. Esta proba computará outro 25% da nota global e atenderá aos puntos a., b., c., e., f. e g. do apartado sinalado anteriormente.

- O 25% restante corresponde á valoración que a profesora realice dos puntos b., f., h., i. e l. do devandito apartado.

#### 4. Criterios para superar a materia pendente pola avaliación continua:

a. Grao de corrección na elaboración das actividades que conforman o caderniño de pendentes e cualificación obtida en cada unha das fichas.

b. Interese amosado polo alumno na realización de ditas actividades e de cara á materia.

c. Autonomía á hora de resolver as actividades e de utilizar as diversas fontes de información: libro de texto, diccionario, gramática, ... etc.

d. Puntualidade nas entregas dos traballos e actividades.

e. Progresión axeitada nos contidos: afianzamento de coñecementos previos e adquisición de novos coñecementos.

f. Autoconfianza e seguridade no proceso de aprendizaxe.

g. Grao de consecución dos obxectivos fixados polos contidos mínimos esixibles.

h. Capacidade de autoavaliación: o alumno ha ser capaz de identificar os propios erros e corrixilos perfeccionando a súa aprendizaxe. Capacidade de autocrítica.

i. Valoración da materia como un instrumento útil á hora de achegarse á cultura dos outros falantes.

l. Valoración e respecto pola lingua e a cultura francesas, en particular; e polo resto das linguas e culturas en xeral.

## **8. PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS.**

Trala promulgación da L.O.G.S.E. en 1990, enumeráronse oito temas transversais que debían estar presentes nos currículos de todas as áreas e materias para seren tratados de xeito interdisciplinar, continuo ao longo de todo o curso e como parte dos contidos de cada materia. No 2006, entrou en vigor a L.O.E., foi derogada a L.O.G.S.E. e implantouse Educación para a cidadanía, asignatura de contidos

fundamentalmente actitudinais impartida na actualidade en 6º de Primaria e 2º de E.S.O., que recolle os contidos dos temas transversais e fai que estes perdan a súa transversalidade.

Non obstante, se tivesemos que explicitar como e cando é posible tratar estes temas na materia de Segunda Lingua Estranxeira Francés, a secuenciación sería a seguinte según os contidos que trata cada unidade didáctica.

### **Primeiro curso da E.S.O.**

#### Unidades 0 e 1

Sendo unhas unidades de presentación e de toma de coñecemento, permítenos introducir o tema da educación moral e cívica e da educación para a igualdade.

#### Unidade 2

Nesta unidade estúdanse os meses do ano, os obxectos da clase e se aprende a dar informacións de tipo persoal, o que permite seguir tratando os mesmos temas que se iniciaron nas anteriores unidades.

#### Unidades 3 e 4

Os alumnos coñecen o sistema escolar francés, coas súas materias e horario, os días da semana e os momentos dunha xornada tipo, isto permite tocar os temas da educación para a paz, da saúde e para a igualdade.

#### Unidade 5

Estudíase o tema da familia, os posesivos e os animais; e os alumnos aprenden a describir física e psicolóxicamente a persoas e animais. Trátanse os temas de educación sexual, para a paz e para a cidadanía.

#### Unidade 6

Os alumnos coñecen Europa, o nome dos países e algunhas das principais capitais; a profesora profundiza nos temas de educación para a paz e para a cidadanía e introduce o de educación viaria.

#### Unidade 7 e 8

Son as unidades dos alimentos, os partitivos e as cantidades; os alumnos aprenden tamén educación para o consumo e para a saúde.

#### Unidade 9

É o momento de falar de tempo libre e vacacións, tamén de educación ambiental.

## **Segundo Curso da E.S.O.**

### Unidades 0, 1 e 2

Estas unidades versan sobre xeografía: os nomes dos países, cidades e continentes, os puntos cardinais e as catástrofes naturais. Tamén se abordan as fórmulas de cortesía para que os alumnos expresen preferencias e proxectos de futuro. Isto permite tratar os temas de educación para a cidadanía, para a paz e ambiental.

### Unidade 3

Estúdíase o vocabulario dos medios de transporte, e as diferencias entre a cidade e o campo. Trátanse os temas de educación ambiental e viaria.

### Unidade 4

Ademais de numerosas cuestións gramaticais, estúdíase o vocabulario do tempo meteorolóxico, o que permite retomar o tema da educación ambiental.

### Unidade 5

Inclúe o léxico da roupa, as cores e os materiais téxtiles que introduce os temas de educación para o consumo, para a igualdade e para a saúde.

### Unidade 6

Os alumnos perfeccionan a súa técnica de descrición física e enriquecen o vocabulario das partes do corpo; trátase o tema da educación para a igualdade e sexual.

### Unidade 7

Nesta unidade amplíase o léxico da cidade e do medio non urbano, que permite continuar tratando os temas de educación para a paz, para a cidadanía, ambiental e viaria.

### Unidades 8 e 9

Son as unidades finais en que se trata o tempo libre, as vacacións, estar en forma e os deportes; así pois, tócanse tamén os temas de educación para a saúde, viaria e ambiental.

## **Terceiro curso da E.S.O.**

### Unidades 0 e 1

Os alumnos aprenden a presentarse, describirse física e emocionalmente a si mesmos e aos demais, falar de gustos e preferencias e interrogar aos demais sobre estas

cuestións. Isto permite tratar os temas de educación para a cidadanía, para a igualdade e para a saúde.

#### Unidades 2 e 3

Estas unidades constitúen unha profundización no ámbito das emocións, os sentimentos, as sensacións e os medos, por unha parte; e das partes do corpo e as actividades deportivas, por outro. Así pois, profundízase tamén nos temas de educación para a paz, para a cidadanía, para a igualdade e para a saúde.

#### Unidades 4 e 5

Co motivo de aprender os tempos gramaticais do pasado, trátanse os temas das viaxes, do lecer, dos recordos e de determinados acontecementos históricos (como a revolución francesa). Isto dá pé a tratar os temas de educación para a paz, ambiental, para a cidadanía e viaria.

#### Unidade 7

A introducción ao tempo gramatical do futuro leva a falar das profesións e dos oficios e a expresar desexos e proxectos de futuro, de tal modo que é fácil tratar os temas de educación para a igualdade, sexual e para a saúde.

#### Unidade 8

Nesta unidade os alumnos coñecen outras formas de vida a través da achega a casa e vivendas en diferentes países; isto conéctanos cos temas de educación para a paz, para a cidadanía e ambiental.

### **Cuarto curso da E.S.O.**

#### Unidades 0 e 1

Trala típica unidade introductoria de presentación, pasamos aos temas da alimentación e o lecer; o que nos leva á educación para a saúde e á ambiental.

#### Unidade 2

Profundízase no léxico da familia extensa e da descrición física e do carácter, o que nos permite tratar os temas da educación para a cidadanía e para a igualdade.

#### Unidade 3

É a unidade do vocabulario da cidade e das tendas e comercios que conduce ao tema da educación para o consumidor e viaria.

#### Unidade 4

Esta unidade ten un marcado carácter medioambiental, xa que se tratan os temas da fauna e a flora, o tempo meteorolóxico e os residuos.

#### Unidade 5

Sigue un pouco a liña marcada pola unidade precedente tratando tema das ONGs, que relaciona coas profesións e as materias escolares. Isto permite abordar os temas de educación para a igualdade, para a paz, para a cidadanía e para o consumo.

#### Unidade 6

Recordo e profundización das unidades de cursos anteriores que trataban o tema dos países, as linguas e as nacionalidades, que permite insistir na educación para a paz e para a cidadanía.

#### Unidades 7 e 8

Unidades recopilatorias e de remate en que se tratan as novas tecnoloxías, internet, as actividades culturais, os inventos, os deportes e as vacacións, e que permiten abordar temas transversais moi variados: educación para a igualdade, para a saúde, sexual, para o consumo, viaria e para a cidadanía.

### **9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.**

É preciso ter presentes os criterios que determinarán o grao de eficacia e adecuación desta programación ás necesidades educativas dos alumnos e á súa diversidade. Partindo desta idea hai que ter en conta que, por unha parte, a flexibilidade tanto desta programación como da docente que a pon en práctica permiten adaptar diariamente os seus contidos, obxectivos e métodos aos alumnos durante todo o curso; e por outra, que o proceso de avaliación da programación é un labor que se leva a cabo de forma continua ao longo dos tres trimestres que compoñen o curso, día a día e, sobre todo, con motivo das avaliacións de alumnos, que implican tamén unha avaliación da práctica docente.

Todas as avaliacións son un proceso do que se extrae un resultado obtido de dous datos: por una parte, a información obtida do seguimento diario da tarefa de que se trate; e por outra, a valoración final da tarefa unha vez que rematou. É á hora desta valoración final cando serán observados os seguintes criterios de avaliación:

- Grao de axuste e adaptación entre a temporalización prevista e a realizada ao longo dos tres trimestres.



- Grao de adecuación dos contidos ás necesidades dos alumnos e á súa diversidade.

- Eficacia das medidas de atención á diversidade.

- Grao de adquisición e mellora das competencias básicas.

- Grao de consecución dos obxectivos fixados.

- Grao de consecución ou superación dos contidos mínimos esixibles.

A conclusión extraída desta avaliación quedará rexistrada na memoria final de curso correspondente a este departamento, así como no libro de actas como punto da orde do día da última acta do curso e, neste caso, tamén da primeira acta do curso 2010-2011.

## **10. BIBLIOGRAFÍA.**

A lista de libros de texto que utilizarán os alumnos no curso 2010-2011, figura no punto “2.2. Materiais curriculares. Libros de texto” desta programación.

- VV. AA. *Formación de profesores de educación secundaria*. Ed. Universidad Complutense. ISBN: 84-7491-546-5.
- VV.AA. (Antonio Bautista García-Vera, coordinador). *Programación y evaluación curricular*. Ed. Universidad Complutense. ISBN: 84-7491-549-X.
- PEÑA MARTÍN, J. Francisco e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Luís. *Didáctica de Lengua y Literatura*. Ed. Universidad Complutense. ISBN: 84-7491-551-1.
- VV.AA. *Comètes 1, 2, 3, 4. Livre du professeur*. Ed. Pearson Education.
- Decreto 133/2007 do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

En Ferrol, a 13 de setembro de 2010,

Laura M. Fernández Sánchez.

Xefa do departamento de Francés do I.E.S. Catabois.